



Invernía no entroido!

Agora que se achega o entroido, festa pagá milenaria na que a gastronomía toma gran protagonismo -e que en Galicia é marabillosa- e en relación ó Proxecto Documental Integrado que dende o colexio traballamos dende diversos departamentos, imos viaxar á comunidade veciña: Asturias. E imos facelo da man da meteoroloxía, un dos moitos puntos en común que temos con esta terra irmá, a través dun personaxe mitolóxico chamado Nuberu: o señor das tormentas. Segundo a mitoloxía Asturiana trátase dun poderoso ser mitolóxico que crea e goberna as treboadas.

Pois ben, o Nuberu - a quen nós chamariamos Nubeiro, en galego- é un ancián que viste roupas raídas, un manto de peles e un sombreiro negro de ala ancha. Ten unha grande barba branca, e desprázase polo aire subido nunha nube. É capaz de pastorear as nubes coma se fosen ovellas e obrígalles a descargar auga, raios, pedraza ou neve ó seu antollo, sen lle importar as consecuencias que poida ter para os cultivos e para o traballo dos campesiños. Nuberu procede -segundo a lenda- da “Cidade do Grito”, unha cidade situada alén do mar e que se cre que está en Exipto. Segundo dita lenda o xeito mais efectivo para alonxalo é tocar a campá da igrexa -posto que o seu son resúltalle molesto- e tamén colocar machadas nos tellados das casas co fío cara arriba ou queimar loureiro e romeu ó aire libre deixando ascender o fume ás alturas. O Nuberu, ás veces baixa das nubes e camiña cara as aldeas onde pide aloxamento para descansar e cear e está disposto a arrasar coas terras e pertenzas daqueles que lle neguen tal privilexio.

Pola nosa parte animámosvos a investigar e aprender sobre a mitoloxía asturiana xa que garda grande relación coa galega. E tamén vos convidamos a desfrutar do entroido, da súa gastronomía, das súas lendas, deste tempo de inverno e, por suposto, convidamos a Nuberu a abastecer a auga necesaria para a vida do ecosistema pero... sen chegar á inverniá!